

En Boiro, sendo as 11:00 horas do día 28 de xuño de 2024, ten lugar a reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica no Salón de Actos do IES Espiñeira, coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Seguimento acordos Plan Dixital.
3. Información curso 2024-2025.
4. Rogos e preguntas.

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.

A Directora, María Ana Domínguez, informa que acta anterior está dispoñible na páxina web do centro para a súa lectura. Apróbase por unanimidade.

2. Seguimento acordos Plan Dixital.

María Ana fai referencia a que no comezo do curso pasado, na CCP celebrada no mes de outubro, acordouse mellorar as competencias dixitais do profesorado. Con ese obxectivo, propúxose a realización de cursos de acreditación. María Ana realiza unha supervisión na plataforma FPROFE de se se cargaron as acreditacións das competencias dixitais docentes. Compróbase que non están aínda dispoñibles polo que, a comezos do curso seguinte, débese volver a realizar dita comprobación.

A Directora indica que nas memorias de cada departamento deben figurar as innovacións que se teñan implementado a nivel dixital.

3. Información curso 2024-2025

María Ana informa que o día anterior entregaron a matrícula a meirande parte do alumnado. Os datos do número de alumnado que se teñen ata o momento son os seguintes:

- 1º ESO: 27 mais 3 fóra de prazo.
- 2º ESO: 26 mais 5 fóra de prazo.
- 3º ESO: 27 (é posible que unha alumna cambie de centro), mais 2 repetidores e 5 fóra de prazo.
- 4º ESO: 26 permanencias, 4 repetidores e non hai solicitudes.
- 1º bacharelato: 32 alumnos, incluídos os fóra de prazo. Por estes datos, teriamos dous primeiros de bacharelato.
- 2º bacharelato: 28 permanencias, 1 fóra de prazo e 3 repetidores matriculados a día de hoxe, polo que pode haber dous segundos de bacharelato. Isto pode supor unha limitación á hora de configurar desdobres nos primeiros cursos da ESO, onde se prevé unha necesidade.

Respecto da elección de materias optativas e de opción, sinálanse a continuación os datos por curso.

En 3º ESO, o número de alumnado por materias optativas foi o seguinte:

- Oratoria: 8 alumnos
- Cultura clásica: 1
- Cultura financeira: 4
- Educación dixital: 5
- Francés: 9

Con estes datos, sairá Oratoria e Francés con seguridade, e pódese negociar co alumnado escoller unha terceira optativa.

En 4º ESO, deuse a seguinte elección, tendo en conta que van saír os dous itinerarios que se decidiron:

- Música: 7
- Dixitalización: 10
- Filosofía: 12
- Tecnoloxía: 4 alumnos
- Expresión artística: 3



- FOPP: 1
- Francés: 8
- Intelixencia Artificial: 5
- Cultura clásica: 0

Con eses datos deben pensarse na agrupación de alumnado con intereses afíns.

En 1º bacharelato, no itinerario de Ciencias:

- Tecnoloxía e Enxeñería I: 3 alumnos
- Debuxo Técnico I: 2 alumnos
- Bioloxía: 7

En 1º bacharelato, na rama de Ciencias Sociais e Humanidades:

- As materias de Matemáticas ACCSS I, Economía e Historia contan con 13 alumnos.
- Latín e Grego: 3 alumnos. O número mínimo de alumnado para ser impartida é de 5 alumnos, pero non hai que pedir profesorado, polo que pode saír.

Respecto das optativas de 1º de Bacharelato, déronse as seguintes eleccións por alumno:

- Literatura Universal: 1 alumno.
- Anatomía Aplicada: 3 alumnos.
- Cultura Científica: 1 alumno.
- 2ª LE: Francés: 11 alumnos.
- Tecnoloxías da Información e Comunicación I: 11 alumnos.

En 2º Bacharelato os datos son os seguintes:

- Matemáticas II: 14
- Física: 7
- Bioloxía: 6
- Química: 10
- Tecnoloxía e Enxeñería II: 2
- Matemáticas ACCSS II e Economía: 4
- Latín e Grego: 7
- Arte: 8
- Xeografía: 5
- Debuxo Técnico II: 3 ou 4 (un alumno fixo unha elección errónea na configuración da folia de matrícula).
- Métodos Estatísticos: non escollida.
- Psicoloxía: 16
- Patrimonio e Sociedade de Galicia: non sae.
- 2ª LE: Francés: 1 alumno
- Tecnoloxías da Información e Comunicación II: 3

Respecto do reparto das horas por Departamentos, con carácter provisional distribuíríanse así:

- Galego. 25 horas
- Castelán: 25, sen contar Literatura Universal, que se prevé que non saia
- Inglés: 42 horas, incrementado polas 2 horas de Inglés Profesional como módulo novo no Ciclo Medio de Instalacións de Telecomunicacións.
- Francés: 22 horas, pero reduciríanse porque en 2º bacharelato non vai saír, polo que quedaría en 18 horas.
- Historia: 30 horas.
- Matemáticas: 36 horas.
- Bioloxía: 16 horas, sen Anatomía.
- Física e Química: 20 horas.
- Artes Plásticas: 13, sen contar a materia de 4º ESO, e pendentas de se aproban a materia de 1º bacharelato.



- Tecnoloxía: 31 horas. Se cae Intelixencia Artificial serían 28 horas, coas dúbidas da Tecnoloxía de 1º e de 2º bacharelato. Se sae, polo que se está á espera da matrícula que se presente. O xefe do departamento considera que se debe potenciar a Tecnoloxía de 4º ESO na vez de IA ou Dixitalización, polo que se pode tomar a decisión.
- Latín: 19 horas, pero 1º ten pouca matrícula, polo que pode caer.
- Filosofía: 23 horas, polo que debe deixar unha materia fóra.
- Economía: 14 horas.
- Relixión: alumnado nos seis grupos.

Nos Departamentos son as horas fixas a repartir entre os membros que conformen os seus membros, no seu caso. Quedan sen adjudicar nestas horas os exentos de Francés, as materias de Proxecto Competencial e os ámbitos da Formación Profesional Básica, que quedan para repartir entre o profesorado que se adjudique para o próximo curso.

4. Rogos e preguntas.

Non hai.

Sendo as 11:30 horas, levántase a sesión.

A DIRECTORA



Asdo.: María Ana Domínguez Pérez

A SECRETARIA



Asdo.: Paula Muñiz Vilas

Ausentes:

- Busto Lobato, Carlos.
- Domínguez Domínguez, María Encarnación.
- Picón Romero, Margarita.
- Pimentel González, Manuel.
- Piñeiro García, Xosé Lois.
- Vidal Suárez, Elisa María.

